



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 6/2019 DO PLENO REALIZADA O DÍA 21-6-2019 (ORGANIZATIVA)

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e seis minutos do día vinte e un de xuño de dous mil dezanove reúnen-se, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 15-6-2019. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; non se formula ningunha alegación polo que, en virtude do establecido no art. 91.1 do R.O.F (Real decreto 2568/1986), se declara aprobada a acta da sesión extraordinaria de 15-6-2019.

2. COÑECEMENTO SOBRE CONSTITUCIÓN DE GRUPOS MUNICIPAIS. Dáse conta dos escritos de constitución de grupos municipais que obtiveron representación municipal: con data de 18-6-2019 (BNG) e con data 21-6-2019 (PP e PSdeG-PSOE). En función dos escritos citados e dos concelleiros de cada candidatura, a organización dos grupos municipais quedaría do xeito seguinte:

- grupo municipal do Partido Popular (P.P.): constituído polos sete corporativos eleixidos en dita candidatura sendo o seu portavoz Antonio Deibe Sanmartín e portavoz suplente José Ángel Roca Díaz.
- grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE): constituído por María José Cal Álvarez, quen será a portavoz.
- grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.): constituído por Sergio Nicolás Boado Seoane, quen será o portavoz.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

O Pleno, por unanimidade de 9 votos favorables, acorda e declara constituídos os 3 grupos municipais citados.

3. EXISTENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Por parte da Alcaldía propónse a existencia da Xunta de Goberno Local e a continuidade das súas competencias, tanto as recibidas do Pleno como da Alcaldía, como xa ven sendo tradicional neste concello.

O Secretario informa sobre os aspectos legais de dito asunto.

O debate sobre este tema é iniciado pola sra. Cal (PSdeG-PSOE), quen propón que poida asistir habitualmente, sen voz nin voto, ás sesións da Xunta de Goberno Local.

Indicase que esa proposta non parece viable legalmente, aínda que se estudará máis en detalle, pero que sempre estará supeditada á conformidade da presidencia (alcalde).

Sometida a proposta da Alcaldía a votación ordinaria, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 1 en contra (sr. Boado) e 1 abstención (sra. Cal), apróbase o acordo para a existencia e continuidade da Xunta de Goberno Local neste concello para o mandato 2019-2023 (art. 20.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril).

4. PERIODICIDADE DE SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. A proposta da Alcaldía é a de establecer unha periodicidade trimestral de plenos ordinarios, de conformidade coa Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local. Con relación á periodicidade ordinaria da Xunta de Goberno Local propónse que sexa mensual.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) propón que se aumente a periodicidade das sesións plenarias.

Contesta o sr. alcalde que a periodicidade trimestral é suficiente para o nivel de asuntos a tratar polo Pleno; complementase coas sesións extraordinarias que sexan necesarias, con moito maior flexibilidade que as ordinarias, onde tamén se poden incluír rogos e preguntas.

Sometida a proposta da Alcaldía a votación ordinaria, por maioría absoluta de 7 votos favorables 0 en contra e 2 abstencións (sr. Boado e sra. Cal), declárase aprobado o seguinte **acordo**:

1. No Concello de Irixoa a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno será cada 3 meses, conforme ao mínimo establecido no art. 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

As sesións plenarias ordinarias convocaranse para os últimos mércores dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro en horario inicial de 12 a 14 horas; tal horario adaptarase flexiblemente pola Alcaldía según a época do ano e outras posibles circunstancias xustificadas; non obstante, se o día fixado coincidira en festivo, celebrarase a sesión ordinaria o 2º día hábil anterior.

2. A periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local será mensual, conforme ao establecido no art. 211 de la Lei 5/1997. As sesións ordinarias convocaranse para os últimos venres de todos os meses, salvo que o día fixado coincidira en festivo, posto que en tal caso trasladaríase ao venres seguinte en que non concorra tal circunstancia.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

O horario inicial de tales sesións será de 12 a 14 horas, o cal adaptarase flexiblemente pola Alcaldía según a época do ano e outras circunstancias específicas.

5. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS. A proposta da Alcaldía vai no sentido de constituír unicamente a Comisión informativa especial de Contas, na cal integranse vogais por cada grupo municipal segundo a súa representatividade.

Tras un breve debate, sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, resultando aprobado, por unanimidade de 9 favorables, o seguinte **acordo**:

1. Créase a Comisión Informativa Especial de Contas, obrigatoria por precepto legal, a cal ditaminará sobre as contas anuais e outros aspectos que por lei se determinen como de competencia de dita Comisión; igualmente realizará as funcións de control político polos asuntos da súa competencia, así como de toda a xestión económica e contable.

A composición da Comisión Especial de Contas será, aparte da Presidencia efectiva que a exercerá o titular da Alcaldía, a seguinte:

- 2 vogais representantes do grupo do P.P.: Remigio Pérez Bao e Ramón José Dopico Martínez.
- 1 vogal representante do grupo do PSdeG-PSOE: María José Cal Álvarez.
- 1 vogal representante do grupo do B.N.G.: Sergio Nicolás Boado Seoane.

2. Para o resto de asuntos, ao non existir Comisión Informativa afecta, non se emitirá un ditame informativo previo ao seu tratamento en sesión plenaria.

6. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Dáse conta da proposición da Alcaldía para a delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno para acadar unha maior axilidade e eficacia de xestión.

O sr. Boado (BNG) considera excesivo o nivel de competencias a delegar na Xunta de Goberno Local, incidindo na especial importancia da aprobación do planeamento.

Contéstase que esta competencia, delegada pola Alcaldía, non se refire ao PXOM, senón ao planeamento de desenvolvemento (ex. plans de sectorización ou parciais), xa que a competencia para aprobar ou modificar o PXOM é do Pleno, con aprobación definitiva pola consaría competente en ordenación do territorio.

Procédese á votación ordinaria do mesmo, resultando aprobado, por maioría absoluta de 7 votos favorables e 2 abstencións (sr. Boado e sra. Cal), o seguinte **acordo**:

1. Realízanse as seguintes delegacións xenéricas de competencias plenarias para a Xunta de Goberno Local, de acordo co establecido no art. 22.4 da Lei 7/1985:

- a)- o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- b)- a declaración de lesividade dos actos do concello.
- c)- a concertación de operacións de crédito con cuantía acumulada, dentro de cada exercicio, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, incluídas as de tesourería que correspondan ao pleno (>15% ingresos correntes liquidados).
- d)- as contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento (e sempre que superen o importe de 6.000.000 de €), así



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a 4 anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio.

e)- a aprobación dos proxectos de obras e servizos de competencia plenaria para a súa contratación ou concesión, e cando non estén previstos nos orzamentos.

f)- os alleamentos de patrimonio de carácter inmobiliario ou mobles históricos, ou o resto con importe superior ó 10 % dos recursos ordinarios, así como as permutas de bens inmoebles.

g)- as demais delegables que as leis confiran expresamente ao pleno, especialmente as seguintes:

- adquisición de bens inmoebles.
- regulación do aproveitamento dos bens comunais.
- recoñecemento extraxudicial de créditos, salvo que non exista partida orzamentaria de imputación adecuada.
- defensa nos procesos contra o concello.
- aprobación de prezos públicos singulares (operativos nun curto espazo de tempo).
- rectificación ordinaria do inventario municipal.
- informes sobre actividades clasificadas suxeitas a autorización autonómica por normativa ambiental.
- declaración de interese social de obras privadas, aos efectos de autorización previa autonómica.

2. A delegación realízase en base ao establecido no art. 22.4, en relación co apartado 1, da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

3. A delegación completarase cos trámites e publicacións que sexan precisas.

4. Ratifícanse as designacións establecidas para composición da Mesa de Contratación Permanente (acordo plenario do 28-3-2018 e BOP do 9-4-2019):

-Presidente: o alcalde ou concelleiro en quen delegue.

-Vogais: Ramiro Cal López, persoal laboral fixo.

Alejandro Alonso Figueroa, secretario-interventor-tesourerío.

-Secretario: Fernando José Espada Orgeira, xefe de negociado (con voz e voto).

5. Continuarán as representacións municipais nos órganos e entidades supramunicipais ou asimiladas (asociación das Mariñas, comisións de seguimento de diversos convenios, etc.). Concretamente para a Asociación de Desenvolvemento Rural das Mariñas e para a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo os representantes serán os seguintes:

Titular: José Ángel Roca Díaz

Suplente: Antonio Deibe Sanmartín

7. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTOS DA SÚA COMPETENCIA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO. Procédese á lectura da resolución da Alcaldía do 17-6-2015, supeditada á continuidade da Xunta de Goberno Local, sendo a súa parte dispositiva do seguinte tenor literal (con corrección de erros):

1º. NOMEAMENTO DE INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO E TENENTES DE ALCALDE: Noméanse como membros da Xunta de Goberno e tenentes de alcalde aos concelleiros seguintes: José Ángel Roca Díaz (1º tenente de alcalde), José Otero López (2º tenente de alcalde) e Juan Manuel Freire Golpe (3º tenente de alcalde).



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

2º. DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO: Aparte da competencia natural de asistencia á Alcaldía, así como calquera outra que lle asigne a lexislación, a Alcaldía delega na Xunta de Goberno as seguintes competencias (art. 21 de la Lei 7/1985):

a- dispoñer gastos dentro dos límites da competencia da Alcaldía, sen prexuízo de que a Alcaldía poida esporadicamente dispoñer e ordenar gastos ata unha contía de 10.000 euros, aprobando as facturas e demais xustificantes correspondentes (apart. f).

b- aprobar a oferta de emprego público, as bases de selección de persoal e de concursos (apartado g).

c- aprobar as diversas clases de instrumentos urbanísticos de desenvolvemento e xestión (apart. j).

d- sancionar as faltas de desobediencia e por infracción de ordenanzas, agás cando as ordenanzas municipais reserven dita potestade para a Alcaldía (apart. n).

e- as contratacións e concesións, coas especialidades do parágrafo a desta delegación; a adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, habendo de estar prevista a dos inmobles no orzamento. (Lei 9/2017, CSP).

f- a aprobación de proxectos de obras e servizos de competencia da Alcaldía (apart. o).

g- o outorgamento das diversas licenzas municipais (apart. q).

i- as demais que a lexislación asigne ao municipio e non a atribúa a ningún órgano específico (apart. s), así como as previstas nas bases xerais de execución orzamentaria.

3º. DELEGACIÓNS PERSOAIS: establécense as seguintes delegacións persoais de tipo sectorial para a xestión municipal, sen capacidade resolutoria que afecten a terceiros, e de apoio da Alcaldía:

A- DELEGACIÓN XENÉRICA SOBRE POLÍTICAS DE IGUALDADE: Lucía Abeal Fuentes, concelleira, queda delegada como directora e supervisora dos servizos de igualdade e familia do concello.

B- DELEGACIÓN XENÉRICA SOBRE XUVENTUDE: Remigio Pérez Bao, concelleiro, queda delegado como supervisor dos temas xuvenís que se tramiten no concello.

C- DELEGACIÓN XENÉRICA SOBRE TEMAS DE CULTURA E DEPORTES: Juan Manuel Freire Golpe, concelleiro membro da Xunta de Goberno, queda delegado e supervisor dos temas culturais e deportivos.

D- DELEGACIÓN XENÉRICA SOBRE OBRAS, SERVIZOS E MANTEMENTO: José Otero López, membro da Xunta de Goberno, queda delegado como director e supervisor de persoal de obras, servizos e mantemento, con capacidade para organizar o seu traballo, establecer horarios, etc.; tamén controlará a execución das obras e servizos adxudicados a empresas. Terá a dedicación parcial prevista nas bases do orzamento de 2019.

E- DELEGACIÓN XENÉRICA SOBRE MEDIO AMBIENTE: José Ángel Roca Díaz, membro da Xunta de Goberno, queda delegado como director e supervisor dos servizos relacionado co medio ambiente do concello.

F- DELEGACIÓN XENÉRICA SOBRE MEDIO RURAL E SECTOR FORESTAL: Ramón José Dopico Martínez, concelleiro, queda delegado como director e supervisor dos asuntos de Medio Rural e Sector Forestal.

O Pleno queda enterado.

8. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE MAIO 2019.

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía no mes de maio de 2019, repartindo o secretario unha relación extractada das mesmas a cada corporativo asistente. Remitiuse unha copia ás administracións estatal e autonómica.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

O Pleno queda enterado.

Sendo as trece horas e trinta e oito minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE